

Titulei un dos meus libros “**Couto Mixto: Unha república esquecida**”, cobizando a idea de rescatar do esquecemento os pobos de Meaus, Santiago e Rubiás, e de paso a toda a bisbarra. Transcorrido algún tempo, un lóstrego, alumeou o Val do Salas, cando nas Cortes Españolas e no Parlamento Galego se votou a favor de declarar o Couto Mixto como zona de interese cultural. Semellaba que estabamos no albor. Mais despois dese relampo a noite mantense pecha, e o esquecemento é real, como contemplamos aquí, nesta nosa querida igrexa de Santiago dos Mixtos, que malia as promesas segue sen ser restaurada e os anos van vencendo a súa arquitectura e os seus retablos. ¡Canto Sinto este abandono! ¡Canto sinto ter que deixar a igrexa nos anos vindeiros por indicación da Diocese!

¡Dóeme o Couto Mixto e a súa bisbarra! Próeme o desinterese por esta terra antiga, lugar de encontro e convivencia, que fervía cheo de vida hai menos de cen anos, e que agora loita por subsistir. Cando unha persoa morre neste lugar, morre un anaco do ser do país, destruindo un mundo que se despoboa e que vai cara o peor dos destinos, unha terra sen xente, sen o balbordo dos cativos xogando nas rúas, sen a mirada calma dos anciáns desde o beiral do corredor da casa ou na bancada da fonte, sen o traballo vivificador dos adultos que ergue aos pobos e produce riqueza.

Dóeme o Couto Mixto e as demais terras veciñas que o abeiran, onde os eidos e as leiras quedan de poula, e apenas soan os chocallos do gando nas veigas, nos prados, onde xa non se escoita a chamada da veceira e desaparece a música secular dos sons do campo e do agro.

Por iso mesmo, hoxe lanzo unha chamada a quen me deba escoitar. Non se pode abandonar a un mal destino ao Val do Río Salas, ao Couto Mixto, a estas serras e montañas que lle dan o colo a toda a bisbarra. Chegou o tempo de non esquecer á Galicia interior, que esmorece magoada, mentres a do litoral florece e medra en poboación e medios de vida. A Galicia interior non é merecente desta maldición, xa que foi a que forneceu de pan e viño a outros lugares da nosa xeografía, de emigrantes que devolveron, co suor do seu traballo, a modo de aforros, aquilo que fixo grande as cidades atlánticas. Galicia é unha e fillos somos todos. Todos somos os seus fillos lexítimos, ou... ¿é que estamos a ser testemuñas caladas do nacemento dunha nova Galicia irredenta?

Hoxe, desde esta igrexa, na que xa non poderemos xuntarnos máis, desde o Couto Mixto, que deu acubillo historicamente a moreas de xentes, debemos reivindicar o noso, hai que deixar atrás o esquecemento. O Couto Mixto ten que aboiar ao S. XXI, o mesmo que a Galicia do interior. Esa é a nosa teima. Amar o noso non é rexeitar o dos demais. Non queremos mancar outras sensibilidades.

A Asociación de Amigos do Couto Mixto, que celebra anualmente esta xuntanza para premiar a quen se distingue na defensa dos seus valores e reivindicar así a súa Memoria Histórica, esta Asociación digo, bérralle ao mundo pedíndolle atención e respecto. Aquí latexa un corazón vivo, o das súas xentes, entre as terras de Barroso e as do

Salas. Este berro desesperado vai escoitarse mentres calquera de nós sexa quen de respirar, até o derradeiro alento.

Meaus, Santiago, Rubiás, o Couto Mixto, e a Galicia interior aínda viven, e non queren ser esquecidos. Por iso, con palabras de Tagore, que ninguén debe desprezar, afirmo:

“A patria non é a terra. Os homes que a terra nutre son a patria”.

E os homes e mulleres de Santiago, Rubiás e Meaus, mais aqueles que sentimos como nosas estas aldeas, non imos calar ante os aldraxes feitos a unha Galicia que esmorece.

Na nosa lingua, a mesma na que falaron os que dormen o sono eterno baixo estas laxes, aseguramos que as dúas palabras “Couto Mixto”, serán lembradas polas xeracións vindeiras, para que o mundo saiba desta terra de encontro e da súa xente. E do mesmo xeito que remataba Ortega y Gasset o seu libro **La redención de las provincias**, “¡Eh! las provincias, de pie”.

Eu digo “¡Ei! Couto Mixto, en pé, érguete!”.

Couto Mixto, desangrado de xente,
ponte en pé,

érguete da postración que mostras.

Enxoiata a túa chorima
non estas só.

Alén dos que te negan,
estamos nós.

Para sandar as feridas que te mancan,
estamos nós.

Para devolverche a luz da historia,
estamos nós.

Para que che fagan xustiza,
estamos nós.

Para amarte e loitar contra o teu esquecemento,
estamos todos nós,

todos nós,

todos nós.

¡Couto Mixto, érguete!

Luis Manuel García Mañá

Xullo 2009